


O magosto en Galicia.



Son de cor chocolate.

Abréñse coa calor.

E se as botas ao lume.

Estoupan con gran sabor.

TOMA CASTAÑA



Para os galegos é unha festa tradicional que celebramos entre o 1 e o 11 de novembro (entre a **Noite de Defuntos** e **San Martiño**).

Os castiñeiros foron traídos polos romanos e as castañas convertíronse nun recurso económico vital e fundamental na alimentación. Cando chegaron as patacas de América foron bautizadas como **castañas de terra**. Despois da vendima e a **recolleita das castañas**, os nosos antepasados festexaban os magostos para **celebrar as colleitas**. A tradición foi evolucionando cos anos, pero o **lume** como elemento purificador segue a ser o protagonista.

Hoxe fanse fogueiras nos soutos e montes, nas prazas e, como non, nas lareiras. Ásanse **castañas** e **chourizos**. Familias e amigos reúnen en torno ao lume, saltan as fogueiras, pintan a cara co carbón, contan lendas ou cantan cancións de sempre.



A castaña simbolizaba a alma dos defuntos cada unha que comemos, **libera un alma do purgatorio** (boa desculpa para encherte...)

*Pon un castiñeiro na túa vida.
Agora e ata febreiro e a época de plantalos*